



Facultade de Ciencias do Mar

Grao en Ciencias do Mar

Materias

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V10G060V01301	Bioquímica	1c	6
V10G060V01302	Botánica mariña	1c	6
V10G060V01303	Estatística	1c	6
V10G060V01304	Oceanografía química I	1c	6
V10G060V01305	Sedimentoloxía	1c	6
V10G060V01401	Ecoloxía mariña	2c	6
V10G060V01402	Medios sedimentarios costeiros e mariños	2c	6
V10G060V01403	Oceanografía química II	2c	6
V10G060V01404	Principios de microbioloxía mariña	2c	6
V10G060V01405	Zooloxía mariña	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Bioquímica				
Materia	Bioquímica			
Código	V10G060V01301			
Titulación	Grao en Ciencias do Mar			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Bioquímica, xenética e inmunoloxía			
Coordinador/a	San Juan Serrano, María Fuencisla			
Profesorado	Dobal Amador, Vladimir San Juan Serrano, María Fuencisla			
Correo-e	fsanjuan@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Conceptos básicos sobre a estrutura e función das biomoléculas, a integración e regulación do seu metabolismo e a transmisión e expresión da información xenética.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Coñecer vocabulario, códigos e conceptos inherentes ao ámbito científico oceanográfico
C2	Coñecer e comprender os feitos esenciais, conceptos, principios e teorías relacionadas coa oceanografía
C4	Coñecer as técnicas básicas de mostraxe na columna de auga, organismos, sedimentos e fondos, así como de medida de variables dinámicas e estruturais
C5	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación en oceanografía
C6	Capacidade para identificar e entender os problemas relacionados coa oceanografía
C12	Manexar técnicas instrumentais aplicadas ao mar
C13	Tomar datos oceanográficos, avalialos, procesalos e interpretalos con relación ás teorías en uso
C15	Recoñecer e implementar boas prácticas científicas de medida e experimentación, tanto en campaña como en laboratorio
C16	Planificar, deseñar e executar investigacións aplicadas desde a etapa de recoñecemento ata a avaliación de resultados e descubrimentos
C17	Saber traballar en campañas e en laboratorio de xeito responsable e seguro, fomentando as tarefas en equipo
C18	Transmitir información de forma escrita, verbal e gráfica para audiencias de diversos tipos
C26	Planificar, dirixir e redactar informes técnicos sobre cuestións mariñas
C28	Impartir docencia no ámbito científico nos diferentes niveis educativos
D1	Capacidade de análise e síntese
D8	Capacidade de traballar nun equipo

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquisición de conceptos básicos sobre a estrutura das biomoléculas, as reaccións metabólicas, os principais procesos de obtención e utilización de enerxía e a transmisión e expresión da información xenética	A1 A5 C2 C5 C28
Formulación dos fenómenos biolóxicos en termos moleculares, sabendo relacionar a estrutura de cada familia de biomoléculas coa función biolóxica que desempeñan	A2 A3 C2 C5 C28
Adquisición e utilización apropiada de conceptos e terminoloxía bioquímicos	A4 C1 C18 C26 C28
	D1 D1

Resolución de cuestións de bioquímica cuantitativa	A1 A2	C15 C16 C28	D1
Familiarización co uso do instrumental e aparataje básico do laboratorio bioquímico	A2 A5	C4 C5 C12 C15 C17 C28	D1 D8
Coñecemento e aplicación de técnicas sinxelas de separación e cuantificación de biomoléculas	A1 A2 A5	C4 C5 C12 C15 C17 C28	D1 D8
Desenvolvemento do estilo de pensamento científico	A2 A3 A5	C6 C13 C16	D1 D8

Contidos

Tema

Compoñentes inorgánicos dos organismos vivos:	Importancia das interaccións non covalentes. O papel da auga nos procesos biolóxicos. Interaccións das macromoléculas en solución.
Ácidos nucleicos:	Composición de nucleósidos e nucleótidos. Ácido desoxirribonucleico. Ácidos ribonucleicos.
Aminoácidos e proteínas:	Clasificación e propiedades dos aminoácidos. Ligazón peptídica. Péptidos e proteínas: estrutura, función e clasificación.
Glúcidos:	Características xerais e clasificación. Monosacáridos, oligosacáridos e polisacáridos. Estrutura, importancia e función.
Lípidos:	Características xerais e importancia biolóxica. Clasificación: ácidos grasos; lípidos simples; lípidos complexos; lípidos isoprenoides; eicosanoides.
Enzimas:	Concepto, centro activo, e clasificación. Catálisis enzimática. Cinética enzimática. Enzimas alostéricas.
Introdución ao Metabolismo:	Rutas metabólicas. Anabolismo e catabolismo. A enerxía nos procesos biolóxicos. Regulación do metabolismo.
Metabolismo de glúcidos:	Procesos anaeróbicos de xeración de enerxía. Procesos oxidativos: ciclo do ácido cítrico e ruta das pentosas fosfato. Oxidacións biolóxicas: transporte electrónico e fosforilación oxidativa. Biosíntese de glúcidos.
Metabolismo lipídico:	Beta oxidación de ácidos grasos. Biosíntese de ácidos grasos. Regulación do metabolismo de ácidos grasos. Biosíntese de triglicéridos e fosfolípidos. Lípidos de membrana, esteroides, isoprenoides e eicosanoides.
Metabolismo de compostos de nitróxeno:	Proteólisis. Catabolismo dos aminoácidos. Excreción do nitróxeno dos aminoácidos: ciclo da urea. Degradación do esqueleto carbonado dos aminoácidos. Biosíntese de aminoácidos. Regulación do metabolismo de aminoácidos. Degradación de ácidos nucleicos, nucleótidos e nucleósidos.
Transmisión e expresión da información xenética:	Copia da información: Replicación. Reestruturación da información: restrición, reparación e recombinación. Transferencia da información: Transcrición. Descodificación da información: Tradución.
Práctica: Separación, identificación e cuantificación de biomoléculas	Obtención dun extracto proteico e cuantificación de proteínas.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	41.5	74.7	116.2
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	8.3	8.3
Seminarios	4	9	13
Prácticas de laboratorio	6	3	9
Probas de tipo test	2.5	0	2.5
Probas de resposta curta	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras o profesor dará as nocións fundamentais para que o alumno entenda e poida preparar os contidos da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Mediante a resolución de problemas e/ou exercicios de cada tema ou grupo de temas relacionados, estímúlase ao alumno a que o aprendizaxe da materia sexa continuo e progresivo.
Seminarios	Os seminarios realizaranse de forma colaborativa. Os alumnos prepararán algúns dos contidos do programa e algún tema de interese en relación ao temario.
Prácticas de laboratorio	Nas prácticas, o alumno familiarizarase con algúns dos métodos e técnicas básicas de extracción, separación e cuantificación de biomoléculas, e de valoración da actividade e cinética enzimática.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O alumno disporá de 3 horas semanais nas que poderá dirixirse de forma persoal ao profesor para solucionar as dúbidas que lle xurdan ao preparar e estudar os contidos das clases teóricas e prácticas. Tamén contará con esta atención na preparación dos contidos dos seminarios. O horario das tutorías será exposto nos correspondentes taboleiros de anuncios e na plataforma docente utilizada.
Seminarios	O alumno disporá de 3 horas semanais nas que poderá dirixirse de forma persoal ao profesor para solucionar as dúbidas que lle xurdan ao preparar e estudar os contidos das clases teóricas e prácticas. Tamén contará con esta atención na preparación dos contidos dos seminarios. O horario das tutorías será exposto nos correspondentes taboleiros de anuncios e na plataforma docente utilizada.
Prácticas de laboratorio	O alumno disporá de 3 horas semanais nas que poderá dirixirse de forma persoal ao profesor para solucionar as dúbidas que lle xurdan ao preparar e estudar os contidos das clases teóricas e prácticas. Tamén contará con esta atención na preparación dos contidos dos seminarios. O horario das tutorías será exposto nos correspondentes taboleiros de anuncios e na plataforma docente utilizada.
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumno disporá de 3 horas semanais nas que poderá dirixirse de forma persoal ao profesor para solucionar as dúbidas que lle xurdan ao preparar e estudar os contidos das clases teóricas e prácticas. Tamén contará con esta atención na preparación dos contidos dos seminarios. O horario das tutorías será exposto nos correspondentes taboleiros de anuncios e na plataforma docente utilizada.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Sesión maxistral	Asistencia non available	0		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao finalizar a exposición teórica de cada tema ou grupo de temas relacionados, os alumnos resolverán de forma individual os problemas ou exercicios propostos polo profesor.	10	A1 A2 A3 A4 A5	C6 D1

Seminarios	Na realización dos seminarios valórase a capacidade para relacionar e aplicar os conceptos adquiridos, para identificar e entender problemas, a utilización apropiada da terminoloxía bioquímica, a súa capacidade para transmitir a información. Como competencias transversais valóranse a iniciativa, a capacidade de aprendizaxe autónoma, o traballo en equipo, a capacidade de organización, a capacidade crítica e a habilidade na procura de información e manexo do computador.	20	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C2 C6 C18 C26 C28	D1 D8
Prácticas de laboratorio	Ao finalizar as prácticas realizarase un exame ou se entregará un informe para valorar o coñecemento e manexo das técnicas instrumentais utilizadas, a aplicación dos coñecementos teóricos á práctica, a capacidade de análise, procesamento e interpretación dos resultados obtidos.	20	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C4 C5 C12 C13 C15 C16 C17 C18 C26	D1 D8
Probas de tipo test	Valora de forma xeral os coñecementos adquiridos do programa da materia.	30	A1 A2 A5	C1 C2	
Probas de resposta curta	Valora os coñecementos adquiridos, a capacidade para relacionalos e a utilización adecuada dos conceptos e da terminoloxía bioquímica.	20	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C2 C18	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno deberá cumprimentar a súa ficha na plataforma FAITIC, achegando fotografía na que sexa reconecible. Este requisito é imprescindible para a realización das prácticas, os seminarios e as distintas probas.

Aconséllase aos alumnos que utilicen unha dirección de e-mail da Universidade de Vigo cando se dirixan ao profesor por esta vía e que o fagan sempre coa debida identificación (nome e apelidos, curso e titulación) e indicando o asunto.

Aconséllase a asistencia ás clases maxistras.

Seminarios: a realización dos seminarios é obrigatoria para a superación da materia. A nota media dos seminarios deberá ser igual ou maior que 5 (sobre 10) para que sexa tida en conta na nota final.

Prácticas: a realización das prácticas e do exame e/ou informe das mesmas son obrigatorios para a superación da materia. A nota das prácticas deberá ser igual ou maior que 5 (sobre 10) para que sexa tida en conta na nota final.

Realizarase unha proba de test e resposta curta correspondente á parte de Bioquímica Estrutural (Temas 1-6) unha vez finalizada esta materia. Esta proba será optativa e eliminatoria. Para a súa superación a nota deberá ser igual ou maior que 5 (sobre 10). Os alumnos que non a realicen ou que a suspendan terán que examinarse de toda a materia no exame final.

O exame final consistirá nunha proba de test e resposta curta de todos os temas impartidos nas clases maxistras e seminarios. Os alumnos que superasen a proba correspondente aos temas de Bioquímica Estrutural, non terán que realizar o exame desa parte e terán como nota final do exame a correspondente á media obtida nas 2 probas.

Ao alumno que teña que presentarse á avaliación de xullo por non superar próbalas tipo test e de resposta curta, conservaráselle a nota das probas superadas durante o curso.

Requírese do alumnado que curse esta materia unha conduta responsable e honesta. Considérase inadmisíble calquera forma de fraude (i.e. copia e/ou plaxio) encamiñado a falsear o nivel de coñecemento ou destreza alcanzado por un/a alumno/a en calquera tipo de proba, informe ou traballo deseñado con este propósito. Esta conduta fraudulenta será sancionada coa firmeza e rigor que establece a normativa vixente.

Bibliografía. Fontes de información

Blas Pastor J.R., **bqTest: 1000 preguntas tipo test de bioquímica para universitarios.**, 2013,

Feduchi E., Blasco I., Romero C.S. y Yáñez E., **Bioquímica. Conceptos esenciales**, 2ª Ed, 2015,

Herrera E., **Bioquímica Básica**, 1ª Ed, 2014,

Nelson D.L. and Cox M.M., **Lehninger. Principios de Bioquímica**, 6ª Edición, 2014,

Mathews C.K., Van Holde, K.E., Appling D.R. y Anthony-Cahill S.J., **Bioquímica**, 4ª Edición, 2013,

McKee T. y McKee J.R., **Bioquímica. La base molecular de la vida**, 5ª Edición, 2015,

Salway J.G., **Una ojeada al metabolismo**, 2ª Edición 2002,

Stryer L., Berg J.M. y Tymoczko J.L., **Bioquímica**, 7ª Edición, 2013,

Tymoczko J.L., Berg J.M. y Stryer L., **Bioquímica. Curso básico**, 2014,

Voet D., Voet J.G. y Pratt C.V., **Fundamentos de Bioquímica. La vida a nivel molecular**, 2ª Edición, 2007,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Fisioloxía de organismos mariños/V10G060V01501

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bioloxía: Bioloxía I/V10G060V01101

Química: Química I/V10G060V01104

Química: Química II/V10G060V01204

DATOS IDENTIFICATIVOS**Botánica mariña**

Materia	Botánica mariña			
Código	V10G060V01302			
Titulación	Grao en Ciencias do Mar			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Bioloxía vexetal e ciencias do solo			
Coordinador/a	Sánchez Fernández, José María			
Profesorado	Castro Cerceda, María Luísa Muñoz Sobrino, Castor Sánchez Fernández, José María			
Correo-e	jmsbot@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo dos principais grupos de organismos vexetais mariños, con especial atención a súa clasificación, modo de vida, e interaccións con outros organismos e co medio			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Coñecer vocabulario, códigos e conceptos inherentes ao ámbito científico oceanográfico
C3	Comprensión crítica da historia e do estado actual das Ciencias do Mar
C4	Coñecer as técnicas básicas de mostraxe na columna de auga, organismos, sedimentos e fondos, así como de medida de variables dinámicas e estruturais
C17	Saber traballar en campañas e en laboratorio de xeito responsable e seguro, fomentando as tarefas en equipo
C18	Transmitir información de forma escrita, verbal e gráfica para audiencias de diversos tipos
C20	Buscar e avaliar recursos de orixe mariña, de diversas clases
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita nas linguas oficiais da Universidade
D5	Habilidade na xestión da información (procura e análise da información)
D8	Capacidade de traballar nun equipo
D9	Capacidade crítica e autocrítica
D11	Capacidade de aprender de forma autónoma e continua
D13	Capacidade de xerar novas ideas (creatividade)
D15	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D16	Habilidades de investigación
D17	Sensibilidade cara a temas ambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecer a orixe e evolución dos vexetais mariños e as características dos principais grupos	A1	C1	D3
	A2	C3	D5
	A3	C20	
	A4		
	A5		

Adquirir a habilidade necesaria para recadar, preparar, analizar, identificar e preservar mostras de orixe vexetal	C4 C17 C20	D1 D2 D11 D15 D16 D17
Adquirir a capacidade de afondar no estudo autónomo dos problemas relacionados coa Botánica Mariña, e de transmitir os seus coñecementos de maneira eficiente	A3 A4 A5	C18 D1 D2 D3 D5 D8 D9 D11 D13 D15 D16 D17

Contidos

Tema	
1. Introducción á Botánica	1.1. Definición de Botánica 1.2. Grandes grupos de vexetais 1.3. Relación coa titulación
2. Reproducción en vexetais	2.1. Reproducción asexual 2.2. Reproducción sexual
3. Algas procariotas.	3.1. Caracteres xerais de Cyanophyta 3.2. Caracteres xerais de Prochlorophyta
4. Introducción ás algas eucariotas.	4.1. Aparición das diferentes liñas de autótrofos fotosintéticos 4.2. Caracteres xerais de Gaucophyta 4.3. Caracteres xerais de Euglenophyta
5. División de unicelulares; caracteres principais	5.1. Caracteres xerais de Cryptophyta 5.2. Caracteres xerais de Haptophyta 5.3. Caracteres xerais de Pyrrophyta
6. División Ochrophyta (Heterokontophyta) I	Características xerais
7. División Ochrophyta (Heterokontophyta) II	7.1. Caracteres xerais de Xantophyceae 7.2. Caracteres xerais de Bacillariophyceae
8. División Ochrophyta (Heterokontophyta) III	8.1. Caracteres xerais de Phaeophyceae
9. División Rodophyta	9.1. Caracteres xerais de Bangiophyceae 9.2. Caracteres xerais de Floridophyceae
10. División Chlorophyta	10.1. Caracteres xerais de Prasinophyceae 10.2. Caracteres xerais de Chlorophyceae 10.3. Caracteres xerais de Bryopsidophyceae 10.4. Caracteres xerais de Ulvophyceae 10.5. Caracteres xerais de Zygnematophyceae
11. Ecoloxía das algas e etnoficoloxía	11.1. Introducción ao estudo das comunidades algalis mariñas 11.2. Aproveitamento e cultivo de algas
12. Introducción ás plantas	12.1. Caracteres xerais e ciclo vital 12.2. Adaptacións ao medio litoral
13. Vexetación litoral	13.1. Introducción
14. Fungos e liques	14.1. Caracteres xerais

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	8	4	12
Saídas de estudo/prácticas de campo	5	9.5	14.5
Titoría en grupo	3	6	9
Sesión maxistral	25	37.5	62.5
Traballos e proxectos	8	40	48
Outras	3	0	3
Informes/memorias de prácticas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición
Prácticas de laboratorio
Estudo e identificación dos principais grupos de vexetais estudados

Saídas de estudo/prácticas de campo	Estudo "in situ" das principais comunidades algais e da vexetación litoral da Costa Atlántica de Galicia
Titoría en grupo	Discusión da evolución dos traballos titorizados; consulta de dudas
Sesión maxistral	Exposición e desenvolvemento do programa de teoría, co apoio de material infográfico

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Lección de aula, co apoio de material audiovisual, tentando facelas o máis participativas que sexa posible
Prácticas de laboratorio	Estudo da morfoloxía, sistemas de reprodución e identificación dos principais grupos de algas. Uso de material de laboratorio, principalmente de equipos ópticos (lupa binocular e microscopio)
Saídas de estudo/prácticas de campo	Estudo das principais comunidades de plantas litorais, e as súas adaptacións para vivir baixo a influencia mariña
Titoría en grupo	Por grupos, desenvolvemento de dous aspectos relacionados co desenrolo da materia: en primeiro lugar como realizar un traballo científico/técnico, e en segundo lugar métodos de reconstrución filoxenética, que son utilizados durante todo o curso como nexos de relación entre os grupos biolóxicos. Os horarios de tutorías individuais serán os luns e martes de 10-13h

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos e proxectos	Exposición pública dos traballos tutelados	15	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C18	D3 D5 D11
Outras	Exame da parte teórica da asignatura	65	A4	C1 C3 C18	D3 D5 D11
Informes/memorias de prácticas	Evaluación de informes individuais referidos ás actividades das clases prácticas de campo e laboratorio	20	A5	C4 C17 C18 C20	D3 D11

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para aprobar a asignatura É NECESARIO acadar a metade da nota en cada unha das tres fases da avaliación.

Aqueles estudantes que non foran avaliados durante el curso (primera convocatoria), deberán ser avaliados de todas as fases xunto co exame final correspondiente.

A participación nalguna das actividades sometidas a avaliación suporá que la calificación final será diferente de "non presentado"

Requírese do alumnado que curse esta materia unha conduta responsable e honesta.

Considérase inadmisíbel calquera forma de fraude (i.e. copia e/ou plaxio) encamiñado a falsear o nivel de coñecemento ou destreza alcanzado por un/a alumno/a en calquera tipo de proba, informe ou traballo deseñado con este propósito. Esta conduta fraudulenta será sancionada coa firmeza e rigor que establece a normativa vixente.

Bibliografía. Fontes de información

Izco, J. (Ed.), **Botánica**, 2,
 Graham, J.E., Wilcox, L.W., Graham, L.E., **Algae**, 2,
 van den Hoek, C., **Algae**, 1,
 Lee, R.E., **Phycology**, 4,
 Dawes, C.J., **Marine Botany**, 2,
 Varios, **Artículos en Revistas**,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ecoloxía mariña/V10G060V01401

Xestión mariña e litoral/V10G060V01704

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bioloxía: Bioloxía I/V10G060V01101

Bioloxía: Bioloxía II/V10G060V01201

DATOS IDENTIFICATIVOS**Estatística**

Materia	Estatística			
Código	V10G060V01303			
Titulación	Grao en Ciencias do Mar			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Estatística e investigación operativa			
Coordinador/a	Villaverde Taboada, Carlos			
Profesorado	Sánchez Rodríguez, María Estela Villaverde Taboada, Carlos			
Correo-e	carlosvt@uvigo.es			
Web	http://http://V10G060V01303 TEMA (Portal Faitic, Universidad de Vigo)			
Descrición xeral	COÑECEMENTO E UTILIZACIÓN DAS TÉCNICAS ESTADÍSTICAS FUNDAMENTAIS PARA O TRATAMENTO E ANÁLISE DE DATOS EXPERIMENTAIS			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C13	Tomar datos oceanográficos, avalialos, procesalos e interpretalos con relación ás teorías en uso
D6	Resolución de problemas
D15	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Comprensión do concepto de contraste de hipóteses	A3	C13	D6 D15
Habilidade no uso das técnicas estatísticas de comparación de grupos para o contraste de diferenzas significativas.	A3	C13	D6 D15
Aplicar modelos estatísticos de axuste de datos experimentais	A3	C13	D6 D15
Comprender a natureza das variables experimentais para su posterior tratamento	A3	C13	D6 D15
Elexir as técnicas axeitadas dun determinado tratamento de datos	A3	C13	D6 D15
Habilidade na procura on-line de técnicas estatísticas	A3	C13	D6 D15
Habilidade no uso de software estatísticos	A3	C13	D6 D15

Contidos

Tema	
1. ESTADÍSTICA DESCRIPTIVA E PROBABILIDADE	Medidas de tendencia central e de dispersión. Datos atípicos: detección. Concepto de probabilidade. Relación causa ---> efecto: probabilidade condicionada. Probabilidade total e fórmula de Bayes.
2. DISTRIBUCIÓN CHI-CUADRADO E TÁBOAS DE FRECUENCIAS	Test "Chi-cuadrado" para proporcións mendelianas, independencia de caracteres e homoxeneidade de mostras. Outras medidas para táboas 2 x 2: Predicción (Δ de Somer) e Concordancia (κ de Cohen).
3. DISTRIBUCIÓN NORMAL	Xeneralidades. Transformacións logarítmicas para xerar normalidade. Tipificación e táboa N(0,1). Tests de normalidade: Kolmogorov-Smirnov e Shapiro-Wilk. Estimación a nivel poblacional: error estándar, intervalo de confianza. Outras distribucións: binomial, Poisson, exponencial.
4. REGRESIÓN E CORRELACIÓN	Recta de axuste. Coeficiente de correlación e bondade de axuste. Modelo parabólico. Regresión lineal múltiple: modelo completo e "hacia atrás". Regresión no lineal: modelos logarítmico, potencial e exponencial.
5. INFERENCIA ESTADÍSTICA I	Comparacións entre 2 grupos independentes ou relacionados. Contraste previo de varianzas: test F . Contraste de dúas medias: tests t . Tests Mann-Whitney e Wilcoxon.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	15	0	15
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	30	30
Traballos tutelados	0	29	29
Seminarios	7	0	7
Sesión maxistral	30	30	60
Probas de resposta curta	3	6	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Prácticas de laboratorio	Uso do paquete estadístico SPSS: Introducción de datos e variables / Descriptiva / Regresión / Inferencia
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Resolución de exercicios plantexados en boletíns.
Traballos tutelados	Realización de traballos de tratamento de datos, co software específico, nas sesións de prácticas (horas tipo C)
Seminarios	Realización de traballos de tratamento de datos, co software específico, nos seminarios (horas tipo B)
Sesión maxistral	Exposición das principais técnicas estatísticas obxeto do curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Nas horas de titoría e seminarios. Titorías: Luns e martes, de 9.30 a 12.30 h, no Despacho 111 da Escola de Enxeñería de Minas (campus Lagoas-Marcosende)
Prácticas de laboratorio	Nas horas de titoría e seminarios.
Traballos tutelados	Nas horas de tutoría.
Seminarios	Nas horas de tutoría.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticas de laboratorio	Ficheiros de resultados / cuestionarios on-line, referentes a cada sesión de prácticas, a través da plataforma "Faitic-TEMA"	25	A3	C13	D6	D15
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Proba consistente na resolución de exercicios dos temas 1, 2, 3 e 4	30	A3	C13	D6	D15
Traballos tutelados	Traballo realizado a partir de datos reais e usando o software estatístico desenrolado nas prácticas de laboratorio	25	A3		D6	D15
Probas de resposta curta	Test correspondente ós temas 5 e 6	20	A3	C13	D6	D15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Convocatoria Ordinaria

- A proba e o test descritos teñen carácter liberatorio: a súa superación (ún ou os dous) implica cos temas correspondentes exclúense da seguinte convocatoria.
- A presentación do traballo tutelado é obrigatoria. Tendrá un prazo de realización - aproximado - entre o 25 de abril e o 25 de maio de 2017.

- A cualificación será a suma dos 4 apartados descritos.

Convocatoria Extraordinaria (Xullo)

- A súa superación siñifica obter unha cualificación mínima de 1.5 puntos na proba e/ou unha cualificación mínima de 1 punto no test.
- As cualificacións obtidas na avaliación continua durante o cuatrimestre ("Prácticas de laboratorio" e "Traballo tutelado"), consérvanse para esta convocatoria.

Compromiso ético

Requírese do alumnado que curse esta materia unha conduta responsable e honesta.

Bibliografía. Fontes de información

Básicas:

FOWLER F. / COHEN, L. / JARVIS, P. *Practical statistics for field biology*. John Wiley & Sons, 2013. ISBN 1118685644

SOKAL, R. / ROHLF, F. *Biometría*. Ed. Blume, 1995. 4ª. ed. en inglés: "*Biometry: the principles and practice of statistics in biological research*". Freeman, 2012. ISBN 0716724111

SUSAN MILTON, J. *Estadística para Biología y Ciencias de la Salud*, 3ª. ed. reimpressa. McGraw-Hill Interamericana de España, 2007. ISBN 8448159969

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Matemáticas: Matemáticas I/V10G060V01103

DATOS IDENTIFICATIVOS**Oceanografía química I**

Materia	Oceanografía química I			
Código	V10G060V01304			
Titulación	Grao en Ciencias do Mar			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Química Física			
Coordinador/a	Prieto Jiménez, Inmaculada			
Profesorado	Losada Barreiro, Sonia Prieto Jiménez, Inmaculada			
Correo-e	iprieto@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	La asignatura "Oceanografía Química I" pretende explicar procesos que tienen lugar en el medio marino, desde el punto de vista químico. Para ello, se estudia el comportamiento de sistemas en distintos medios e interfaces.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Coñecer vocabulario, códigos e conceptos inherentes ao ámbito científico oceanográfico
C2	Coñecer e comprender os feitos esenciais, conceptos, principios e teorías relacionadas coa oceanografía
C6	Capacidade para identificar e entender os problemas relacionados coa oceanografía
C15	Recoñecer e implementar boas prácticas científicas de medida e experimentación, tanto en campaña como en laboratorio
C17	Saber traballar en campañas e en laboratorio de xeito responsable e seguro, fomentando as tarefas en equipo
C18	Transmitir información de forma escrita, verbal e gráfica para audiencias de diversos tipos
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita nas linguas oficiais da Universidade
D8	Capacidade de traballar nun equipo

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Descibir a composición e comportamento dos constituíntes da auga do mar.	A1	C1 C2 C6	D3
Explicar as principais propiedades da auga, disolucións de electrólitos e auga do mar, dende o punto de vista quimicofísico.	A1	C1 C2 C6	D3
Recoñecer e interpretar os diferentes procesos de transporte dos solutos disoltos en auga.	A2 A3	C1 C2 C6 C15	D2 D3 D8
Diferenciar os principais tipos de estuarios según o réxime de circulación das súas augas, e identificar as súas principais características.	A2 A3 A5	C1 C2 C6 C18	D3

Empregar modelos cuantitativos para observar a variabilidade dos réximes de circulación dos estuarios e calcular tempos de residencia nos mesmos.	A2 A3	C1 C2 C6	D3
Explicar as principais características da interfase auga mariña-atmosfera, procesos que teñen lugar na mesma e factores que os controlan.	A2 A3 A4	C1 C2 C6	D3
Describir a composición dos gases no océano, o seu comportamento e aplicar os modelos que explican a transferencia de gases a través da interfase aire-auga do mar.	A2 A3	C1 C2 C6	
Explicar as principais características da interfase sólido-auga mariña, procesos que teñen lugar na mesma e identificar os factores que os determinan.	A2 A3	C1 C2	D3
Interpretar as propiedades e comportamento do material particulado e coloides no medio mariño.	A2 A3	C1 C2 C6 C15 C17 C18	D2 D3 D8
Utilizar técnicas experimentais axeitados para estudar procesos de adsorción na interfase e aplicar os modelos para súa descrición.	A2 A3 A5	C1 C2 C6 C15 C17 C18	D2 D3 D8
Explicar as principais características das augas intersticiais e as causas que determinan a súa composición.	A1 A3 A4 A5	C1 C2	D3

Contidos

Tema	
1. Composición química e propiedades fisicoquímicas do medio.	- Introducción - Interaccións ion- disolvente - Interaccións ion- ion - Propiedades fisicoquímicas do auga de mar - Salinidade
2. Fenómenos de transporte	- Fenómenos de transporte no iónico: Conductividade térmica, viscosidade, difusión - Fenómenos de transporte iónico: Conductividade eléctrica
3. Procesos de mezcla en sistemas litorais.	- Introducción - Estuarios: Clasificación e tipos. Descrición. - Procesos de mezcla: Modelos. Tratamiento cuantitativo.
4. Interfase gas-líquido	- Termodinámica de superficies: Superficies e interfases. Tensión superficial. Exceso superficial. - Disolución de gases en auga de mar. - Modelos de intercambio de gases na interfase líquido-gas. - Gases no conservativos. - Oxíxeno disolto en auga de mar. - Alcalinidade de augas naturais.
5. Interfase sólido-líquido	- Introducción. - A dobre capa. Modelos. - Adsorción na interfase sólido-líquido: Fisioadsorción e quimioadsorción. Isotermas de adsorción. - Comportamiento do material particulado e coloidal en auga de mar. - Diagénesis e augas intersticiais
Práctica 1	Determinación de propiedades fisicoquímicas do auga na Ría de Vigo
Práctica 2	Determinación da tensión superficial de compostos orgánicos e influencia de factores relacionados.
Práctica 3	Estudo de procesos de adsorción líquido-sólido.
Práctica 4	Estudo de propiedades de coloides.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	23	35	58
Resolución de problemas e/ou exercicios	14	28	42
Prácticas de laboratorio	15	20	35
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	12	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Clases nas que o profesorado ofrecerá unha visión global dos contidos da asignatura, incidindo de forma especial nos aspectos máis relevantes e que resulten de máis difícil comprensión para o alumnado. Na exposición utilizarase o material dispoñible na plataforma Tem@.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se resolverán problemas, exercicios e/ou cuestións propostos con obxecto de reforzar os coñecementos adquiridos nas clases teóricas. Adicionalmente, o alumnado traballará nos exercicios e/o cuestións propostos, de acordo ás pautas establecidas polo profesorado nas clases ou seminarios da materia.
Prácticas de laboratorio	Realizaranse experimentos de laboratorio ao longo de varias sesións. A fin de que poida ter coñecemento previo dos experimentos a realizar, o alumnado dispoñerá dos guiones de prácticas na plataforma Tem@. O alumnado elaborará un informe de prácticas, no que deberá incluír os resultados obtidos, discusión e as conclusións relativas á práctica realizada. Tras as prácticas, deberá contestar á unha serie de cuestións relacionadas co traballo desenvolvido.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións nas que os profesores resolverán as dúbidas e consultas dos estudantes relacionado co estudo e / ou cuestións relacionadas cos temas e actividades desenvolvidos durante o curso. Horario: Mércores, de 16:00 a 18:00 h. Xoves e venres, de 10:00 a 12:00 h. Este horario pode variar puntualmente, cando que o profesor teña outras obrigacións docentes e/ou investigadoras que atender.
Prácticas de laboratorio	Idem
Resolución de problemas e/ou exercicios	Idem
Probas	Descrición
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Idem

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Valorarase a resolución de problemas, exercicios e / ou problemas propostos, segundo as directrices establecidas polo profesorado en clases ou seminarios da materia. A participación en seminarios é obrigatoria. A cualificación neste apartado só será considerada se o alumnado alcanza polo menos un 40% da puntuación máxima para este apartado.	20	A2 A3 A4	C1 C2 C6 C18	D2 D3
Prácticas de laboratorio	Valorarase: - O traballo realizado polos alumnos no laboratorio. - O informe sobre as prácticas realizadas polos alumnos. - Resolución de cuestións relacionadas co traballo realizado. A participación nas prácticas de laboratorio é obrigatoria. Para superar a materia, o estudante debe alcanzar polo menos o 50% da puntuación máxima posible para esta actividade.	20	A2 A3 A4	C1 C2 C6 C15 C17 C18	D2 D3 D8

Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Trátase dunha proba final, na que evaluaranse as competencias adquiridas ao longo da materia, que pode incluír preguntas abertas, cuestións e problemas sobre o contido da mesma. O alumnado debe desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia.	60	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C2 C6 C18	D2 D3
--	---	----	----------------------------	-----------------------	----------

Para superar a materia débese acadar unha cualificación mínima de 3,5 puntos (sobre 10) nesta proba.

Outros comentarios sobre a Avaliación

A participación dos alumnos en calquera das actividades implica a asignación dunha cualificación. Sobre este punto, considérase a participación en sesións de prácticas de laboratorio (tres ou máis), a entrega de mais do 20% dos exercicios propostos polo profesorado e a presentación á proba final.

A cualificación da materia ao final do cuadrimestre será a suma de todas os apartados que conforman a avaliación, sempre que se superen os requisitos mínimos. Se este non ser o caso, a cualificación que figurará no acta será a da proba final escrita ponderada.

A cualificación final dos alumnos aprobados poderá ser normalizada de xeito que a cualificación mais alta poda ser de ata 10 puntos.

Convocatoria de xullo

Na convocatoria de xullo manteráse o sistema de avaliación, mantendo as notas obtidas polo alumnado na resolución de problemas e/ou cuestións durante o curso e as prácticas de laboratorio.

O alumnado que non supere a asignatura na convocatoria de fin de cuadrimestre poderá recuperar o apartado correspondente á proba escrita na convocatoria de xullo. O alumnado fará unha proba final escrita na que se evaluarán as competencias adquiridas na materia. Para superar a asignatura débese alcanzar unha cualificación mínima de 3,5 puntos (sobre 10) neste apartado.

A cualificación final será a suma de todos os apartados, sempre que se superen os mínimos esixidos. De non ser o caso, a cualificación que figurará no acta será a da proba final ponderada. No caso de que esta cualificación sexa inferior á obtida na avaliación de fin de cuadrimestre, a cualificación que figurará no acta será esta última.

Por último, requírese do alumnado que curse esta materia unha conduta responsable e honesta.

Considérase inadmisíbel calquera forma de fraude (i.e. copia e/ou plaxio) encamiñado a falsear o nivel de coñecemento ou destreza alcanzado por un/a alumno/a en calquera tipo de proba, informe ou traballo deseñado con este propósito. Esta conduta fraudulenta será sancionada coa firmeza e rigor que establece a normativa vixente.

Bibliografía. Fontes de información

P.W. ATKINS, "Química Física",
 I.N. LEVINE, "Principios de fisicoquímica", 6ª Ed. 2014,
 S. M. LIBES, "Introduction to Marine Biogeochemistry",
 F. J. MILLERO, M. L. SOHN, "Chemical Oceanography",
 J. P. RILEY, G. SKIRROW, "Chemical Oceanography",

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Oceanografía química II/V10G060V01403

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química: Química I/V10G060V01104

Química: Química II/V10G060V01204

DATOS IDENTIFICATIVOS**Sedimentoloxía**

Materia	Sedimentoloxía			
Código	V10G060V01305			
Titulación	Grao en Ciencias do Mar			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Xeociencias mariñas e ordenación do territorio			
Coordinador/a	Rey García, Daniel			
Profesorado	Bernabéu Tello, Ana María Rey García, Daniel			
Correo-e	danirey@uvigo.es			
Web	http://193.146.32.240/tema1112/claroline/course/index.php			

Descrición xeral A materia sedimentoloxía forma parte dos coñecementos básicos en Xeoloxía mariña necesarios para obter unha comprensión adecuada do medio mariño. Os seus descritores indican que trata do estudo dos sedimentos mariños e dos seus procesos de formación, erosión, transporte e sedimentación.

Achega coñecementos sobre os métodos, técnicas de estudo e recoñecemento dos distintos tipos de sedimentos e rocas sedimentarias. Estes son a clave para a análise de facies e de secuencias e a interpretación paleoambiental (ie paleoclima), así como interpretar o rexistro na prospección de recursos naturais.

Comprender a importancia dos sedimentos mariños e a súa relación cos procesos físicos, químicos, biolóxicos e hidrodinámicos propios deste medio, é clave para interpretar a resposta do medio á acción de procesos dinámicos habituais, eventuais ou debidos á intervención humana.

O seu estudo achegará coñecementos sobre os procesos, evolución e tendencias previsibles do medio mariño ante os cambios, naturais ou antrópicos, a través do coñecemento do rexistro sedimentario.

Nun sentido máis amplo, o seu carácter multidisciplinar achega coñecementos aplicables por exemplo á xestión e interpretación de espazos naturais, estudos de contaminación costeira, etc. Esta materia constitúe a base e/ou introduce aos fundamentos básicos para o coñecemento dos medios sedimentarios mariños e costeiros que se imparten no seguinte cuadrimestre, así como a Oceanografía Xeolóxica I e II do curso seguinte. Estes coñecementos básicos aquí adquiridos serán ampliados e aplicados na materia optativa Análise de Cuencas, que os alumnos poden escoller no curso seguinte.

Competencias

Código	
